

Praza das Cantigas, s/n
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 251
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft
sdffu@uvigo.es

Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 7/03/2019

Acta da sesión ordinaria da Comisión de calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 7 de marzo en sesión presencial.

Asistentes:

Presidencia

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaría

Dolores González Álvarez

Membros da CC

Sector profesorado

Helena Cortés Gabaudán

Jorge Figueroa Dorrego

Francisco José Ledo Lemos

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso

José Montero Reguera

Ana María Pereira Rodríguez

Alexandre Rodríguez Guerra

Rosalía Rodríguez Vázquez

José Yuste Frías

Enlace de Igualdade

Maribel del Pozo Triviño

Desculpan

Inmaculada Báez Montero (PDI)

Ana Bringas López (PDI)

Miguel Cuevas Alonso (PDI)

Alba Gil Vicente (estudiante)

Carmen Luna Senllés (PDI)

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudiante)

Nuria Yáñez Bouza (PDI)

Non asisten

Belén Otero Rey (PAS)

Tania Souto Rodal (estudiante)

Ábrese a sesión ás 13:05.

Orde do día

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (sesión ordinaria de 15/11/18)

Apróbase por asentimento.

Con relación á proposta dos profesores Báez e Figueroa recollida na acta de reclamar á ACSUG o recoñecemento das tarefas de coordinación, a profesora Ana Pereira propón retomar unha iniciativa de 2017 na que participaron máis de cen coordinadores e coordinadoras de grao e máster do SUG. Informa da mesma e de que non recibiron resposta da Xunta.

2. Informe do Decano

O Decano informa sobre as distintas xuntanzas que a comisión de reforma dos graos mantivo nos días previos. Informa ademais das distintas xuntanzas que tiveron lugar nos departamentos, da que mantivo co Vicerreitor de profesorado o día 8 de maio e da que terá co reitor e os directores e directoras dos departamentos do noso centro o luns 18 de maio. Comunica, por último que o reitor visitará o centro o día da vindeira Xunta de facultade para falar deste tema e responder ás cuestións que o público asistente plantexe.

O Decano informa tamén sobre as distintas actuacións en materia de captación nas semanas previas a esta comisión. A Facultade participou activamente en Edugal, na XOU e ademais recibiu alumnado de diferentes institutos en distintas xornadas. Hai programadas mais visitas de centros de secundaria para os vindeiros meses. O Decano agradece a participación e implicación do profesorado e alumnado voluntario nestas feiras e xornadas.

3. Valoración final e aprobación, se procede, do informe final do sistema pola dirección e dos informes de resultados anuais das titulacións do centro.

A vicedecana comeza agradecendo ás coordinacións dos títulos a súa colaboración na elaboración deste informe, aínda que reconoce que non foi quen de conseguir que todos os informes chegaran en prazo. Tras analizar toda a información relacionada co funcionamento do sistema de garantía de calidade e os informes dos diferentes títulos a comisión decide destacar os seguintes aspectos a modo de conclusión xeral:

1. A forte aposta da FFT pola internacionalización é evidente no número de estudiantes estranxeiros que recibe cada ano (188 no curso 2017-2018), moi por encima do resto dos centros da Universidade de Vigo, o número de profesores visitantes baixo programas de intercambio, e a oferta de materias fora dos planos de estudio dos graos co fin de ampliar o abano de materias para os estudiantes estranxeiros (ODIE), un dos poucos centros que as ofrece. A diferencia entre o alumnado entrante (188) e saínte (70) non se ten en conta pola reitoría á hora de calcular o número total de estudiantes do centro e das diferentes materias, algo que se solicita, unha vez máis, negociar coa reitoría.

2. O profesorado da FFT (xunto co de Ciencias do Mar) é o mellor valorado da Universidade de Vigo por parte do alumnado. Sen embargo o grao de satisfacción do estudiantado e persoas egresadas coas titulacións de grao é mellorable. É preciso atender ós aspectos peor valorados (orientación, organización das materias no

plano de estudos). Con carácter xeral, cabe destacar o traballo constante das coordinacións dos títulos ofertados na FFT xunto ao equipo decanal, unha sinerxia coa que se logran solucionar dílxentemente a maioría dos requerimentos de alumnado e profesorado a través de continuas reunións mantidas con ambos grupos.

4. Dada a existencia dalgunhas queixas relacionadas co cumprimento, en casos illados, das obrigas docentes, sería preciso abordar a elaboración e implantación dun procedemento máis detallado de control da docencia con base nun “Regulamento de cumprimento das obrigas docentes”. Esto facilitaría a resolución de queixas tanto ás coordinacións dos títulos e ao equipo decanal como ao propio profesorado. Actualmente, o equipo directivo está a traballar nun borrador.

5. Necesítase apoio administrativo para as labores de calidade e postgrado, que son asumidas en grande parte polo PDI. A desaparición das bolsas de colaboración coa área de calidade reduce notablemente a axuda administrativa no Vicedecanato de Calidade. A reforma da RPT do PAS contempla a colaboración do PAS nos procesos de calidade, pero téndose en conta que a unidade departamental de humanidades debe encargarse do conxunto dos departamentos, non parece adecuado incrementar a súa carga de traballo. Vólvese a reiterar, pois, a necesidade da importancia á estabilización da figura dun PAS como apoio exclusivo ás actividades de calidade desenvolvidas no centro, xa comentada no informe do curso anterior. A xestión documental, o manexo de programas específicos, a composición de táboas, a lectura de estatísticas e, en definitiva, a organización de evidencias e actualización de contidos nas diferentes plataformas requiren dunha figura administrativa estabilizada laboralmente, que sexa ademais unha constante nos diferentes equipos decanais. Esta figura administrativa estable contribuiría notablemente á mellora da xestión dos diferentes procesos de calidade desenvolvidos no centro, xa que descagaría ao vicedecanato de Calidade dos aspectos administrativos, para que a figura do vicedecano ou vicedecana poida centrarse nos aspectos académicos.

6. A valoración do novo programa PAT nas enquisas de satisfacción do alumnado é susceptible de mellora e inferior ao curso 2016/17. Unha das razóns pode ser que houbese un pouco de falta de información do novo programa e que as actividades programadas non tivesen o resultado esperado. Estaremos pendentes do seu desenvolvemento durante o curso 2018/19 para avaliar se a modificación do plano de orientación académica foi axeitada. Como medida provisoria, suxírese que as coordinadoras de PAT colaboren máis estreitamente coa Vicedecana de Calidade para organizar actividades de orientación e formación para o estudiantado, en particular orientadas a mellorar a empregabilidade.

7. O desenvolvemento da materia TFG non é satisfactorio, como se ven recollendo nos informes de seguimento das titulacións do noso centro nos últimos anos. Por unha banda está o descontento do sector profesorado, fundamentalmente por mor da falta de recoñecementos en bolsa de horas (tanto pola dirección como pola participación nos tribunais) e polos trámites de xestión da materia. Por outra banda, observamos unha tendencia no estudiantado a non presentarse ás convocatorias de avaliación, o cal ten un efecto negativo nas taxas da titulación, especialmente na taxa de graduación: temos moito alumnado que non se gradúa ao finalizar os catro anos de estudos e queda pendente un curso máis simplemente por esta materia. Co fin de mellorar o desenvolvemento da materia, durante o curso 2018/19 a Comisión de Calidade e as coordinacións das titulacións están a reconsiderar o proceso de avaliación desta materia ao abeiro do novo regulamento de Traballo de Fin de

Grao, aprobado por Consello de Goberno en decembro de 2018.

8. En xeral valórarse positivamente os esforzos adicados durante o curso 2017-18 á publicidade dos diferentes títulos ofertados co fin de mellorar o número de matriculacións, especialmente no Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Así, leváronse acabo accións de dinamización a través das redes sociais, presentación nos centros de educación secundaria de Galiza e visitas guiadas na propia FFT. Dada a especial situación deste grao, no curso 2018-2019 seguirase a insistir nas acción de captación nel.

En base a estas conclusións a Comisión acorda:

1. Manter os obxectivos de calidade do centro aprobados na comisión de calidade do 27 de outubro de 2017.
2. Continuar traballando na elaboración de protocolos e regulamentos que protexan os dereitos de PDI, alumnado e PAS, nomeadamente nun procedimiento de seguimento da docencia.
3. Solicitar apoio administrativo para as accións de calidade e para as coordinacións dos títulos, nomeadamente para as coordinacións dos mestrados.
4. Implementar as melloras propostas no plan de melloras para o próximo curso académico.
5. Adaptar o regulamento de TFG y TFM do centro e dos diferentes títulos ao novo regulamento de TFG da universidade
6. Avaliar se a modificación do plano de orientación académica do PAT foi axeitada e traballar no diseño dunha acción formativa de empregabilidade conxunta do centro (xornada con obradoiros, charlas, etc.).

4. Valoración do actual Plan de Acción Titorial

A vicedecana retoma con preocupación o tema da avaliación do PAT por parte do alumnado. Nos tres graos dita valoración é significativamente inferior á dos anos anteriores e en dous deles (GLE e GTI) pasa a ser un dos tres ítems peor valorados. Este cambio na valoración do PAT coincide co cambio de modelo, que pasou a ser grupal por curso. Tras debatir sobre outras posibles causas, decídese esperar ás valoracións do curso 2018-19 para saber se se trata dunha tendencia ou dun feito puntual. No primeiro dos casos habería que afondar nas causas e reconsiderar novamente o modelo.

5. Propostas de formación (docente) do profesorado

A vicedecana de calidade informa da ampla proposta de cursos de formación enviada polo PAS do noso centro e a ausencia de proposta algúns por parte do profesorado. Apróbase solicitar un curso sobre faitic e moodle para o profesorado do centro a proposta de varios membros da comisión.

6. Rolda aberta de intervencións

A profesora Lourdes Lorenzo solicita que se cree unha comisión para a elaboración do regulamento de seguimento docente.

Solicita ademais a creación dun espazo en faitic para asuntos de mobilidade pois di que a información a través do mail non sempre chega ao estudiantado interesado nos diferentes programas.


A profesora Ana Pereira pregunta se o novo regulamento de TFG e TFM é xa da aplicación no vindeiro curso. A vicedecana de calidade responde que si e que, de

feito, os títulos da facultade deben de decidir por que modelo de avaliación optan. A profesora Pereira pide que se cree unha comisión para o debate dos modelos co fin de saber se todos os títulos optarán polo mesmo modelo de tribunal ou non e traballar no(s) novo(s) regulament(s) da FFT.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 14:45.


Vigo, 7 de marzo de 2019

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe

A secretaría (Vicedecana de calidade)



Dolores González Álvarez